

DOMINGO XXV ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA (Sab 2, 12. 17-20)

Lectura do libro da Sabedoría

Dixeron os malvados: Espreitémo-lo home xusto que nos dá tanto noxo e se opón ós nosos feitos, botándonos na cara as transgresións da lei, reprochándonos faltas da nosa educación. Examinemos se son veraces as súas razóns, comprobemos como é o seu finar. Se o xusto é fillo de Deus, virá El a acorrelo e ceibarao da man dos seus inimigos. ¡Poñámolo na proba da aldraxe e do tormento para constatar-mo-la súa mansedume e experimentármolo-la súa resistencia ó mal! ¡Condenémolo a unha morte ignominiosa, pois, segundo el fala, terá quen o protexa!

SALMO RESPONSORIAL Sal 53, 3-4. 5. 6 e 8

R/. (6b): **O Señor é quen sostén a miña vida.**

Oh Deus, polo teu nome sálvame,
co teu poder faime xustiza.
Oh Deus, escoita a miña súplica,
atende as miñas palabras.

Érguense contra min homes soberbios,
homes violentos buscan a miña vida,
sen teren a Deus en conta.

Mais Deus é a miña axuda,
o Señor é quen sostén a miña vida.
Ofrecereiche un sacrificio voluntario,
enxalzarei, Señor, o teu nome que é bo.

SEGUNDA LECTURA (Sant 3, 16 -- 4, 3)

Lectura da carta do Apóstolo Santiago

Irmáns benqueridos: Onde hai receos e liortas, dáse tamén alí o descontento e toda caste de ruindades. Pola contra, a sabedoría que vén do ceo é primeiramente pura e despois pacífica, sinxela, acolledora, chea de misericordia e de bos froitos, imparcial, sen finximento. O froito da xustiza seméntano coa paz os que van facendo a paz. ¿De onde veñen esas guerras e liortas que se dan entre vós? ¿Non será das vosas cobizas, que loitan no voso interior? Degoirades e non tedes; enrabechádesvos e andades cheos de envexa e non logrades cousa; combatédesvos e facédesvo-la guerra e non conseguides porque non o pedides e, se pedides, non recibides, porque pedides só co deozo de satisfacerde-las vosas cobizas.

EVANXEO (Mc 9, 30-37)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, Xesús e mailos seus discípulos marcharon, atravesando a Galilea sen enredar nela, porque non quería que o soubese ninguén; pois ía informando os discípulos, dicíndolles: - Ó Fillo do Home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; pero, despois de morto, pasados tres días, ha resucitar. Eles non entendían o que lles dicía, pero non se atrevían a preguntarllo. Chegaron a Cafarnaúm, e, cando estaban na casa, preguntoulles: - ¿De que viñades discutindo polo camiño? Eles calaron, porque no camiño discutiran entre si sobre quen era o máis importante. Xesús sentou, chamou polos Doce e díxolles: - O que queira se-lo primeiro, que sexa o derradeiro entre todos e o servidor de todos. Despois colleu un neno e púxoo no medio deles, abrazouno, e díxolles: - Quen acolla no meu nome a un destes nenos, acólleme a min; e quen me acolla a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquel que me mandou.